

**CONCELLO
DE VIGO**



NORMAS E ESPAZOS MUNICIPAIS PARA A CELEBRACIÓN DOS ACTOS DE CASAMENTOS CIVÍS DO CONCELLO DE VIGO.

(Resolución de data 9 de xullo de 2021 da Concelleira-delegada de Xestión municipal, Patrimonio e Contratación, Patricia Rodríguez Calviño. Expte. 18583-101)

1.- LUGAR, DÍAS E HORA:

Os casamentos civís no Concello de Vigo celebraranse, sempre e cando estean dispoñibles, nos seguintes lugares, días e horas:

- ✓ Pazo-Museo "Quiñones de León" (Avda. Castrelos, s/n):
SÁBADOS, que non sexan festivos, ás 12.00, 12.30 e 13.00 - 18.30 e 19.00 horas.
- ✓ Pinacoteca Francisco Fernández del Riego (Rúa Abeleira Menendez, 8):
VENRES, que non sexan festivos, ás 13,00 13,30, 18,30 e 19,00 horas.

O concello reservase o dereito de dispor para a celebración de recepcións ou outro tipo de actos ineludibles, as anteditas dependencias.

2.- TRÁMITES NECESARIOS:

a.- Expediente de matrimonio civil no Rexistro Civil do domicilio das persoas contraentes, ou notario que lles corresponda:

No caso de que ambos/as os contraentes estean (no momento da presentación da documentación) empadroados na cidade de Vigo, deberán tramitar o expediente matrimonial obrigatoriamente no Rexistro Civil do Xulgado de 1ª Instancia núm. 4 (tfno.: 986817512) www.xustiza.gal.

No caso de que un dos contraentes estea empadroado en Vigo e o outro en localidade distinta (no momento da presentación da documentación) poderán optar por iniciar o expediente no Rexistro civil de calquera das dúas localidades.

Unha vez tramitado dito expediente, entregarase de forma presencial no Rexistro Xeral do Concello de Vigo; indicarase a data e hora de celebración de matrimonio, e achegarase a seguinte documentación:

- Escrito de datos de contraentes, que se facilita no Rexistro Civil
- Fotocopia do DNI/NIE en vigor, das dúas testemuñas do casamento, maiores de idade, que intervirán na celebración do acto.

A citada documentación é preceptiva, e deberá ser presentada no concello no período de tempo comprendido entre o momento de presentación da solicitude e o día décimo anterior á data de celebración da voda civil.

b. Solicitude de data de celebración de matrimonio no Concello de Vigo:

* Por internet: no Rexistro electrónico www.vigo.org

* De xeito presencial: no Rexistro Xeral do Concello

O prazo para admisión de solicitudes correspondentes ao ano seguinte, comezará sempre, no mes de xuño do ano anterior.

Os trámites a-b poderanse facer simultaneamente, tendo en conta para solicitar data, que a duración do trámite do expediente de matrimonio no Rexistro Civil ou notario é, como mínimo, de tres meses, dependendo do estado civil e nacionalidade dos/das solicitantes.

3.- DISPOÑIBILIDADE E CONFIRMACIÓN DATAS

O Departamento de Protocolo informará aos/ás solicitantes telefonicamente da dispoñibilidade de datas no prazo de 15 días, dende a recepción da solicitude.

A adxudicación de lugares, datas e horas será por orde rigoroso de entrada das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello ou Rexistro electrónico.

4.- COMPETENCIA PARA CELEBRACIÓN DE VODA CIVIL

As vodas civís serán celebradas polo alcalde-presidente ou concelleiro/a en quen delegue. De todos os xeitos, as/os solicitantes poderán, se así o desexan, solicitar que oficie a cerimonia o alcalde, para o que deberán indicalo no impreso de solicitude, no lugar reservado para elo.

5.- OUTROS SERVIZOS

O Concello de Vigo faise cargo, de forma gratuíta, do acondicionamento da sala onde se celebrará o matrimonio civil, así como de:

-Ambientación musical; Dese preferir unha peza musical concreta entregárase seleccionada e gravada no Departamento de Relacións Públicas, ata o mércores anterior a data da celebración do matrimonio civil; o dito pen drive devolverase ao remate da cerimonia.

-Ornamentación floral

-Obsequio ás/aos contraentes ao remate da cerimonia.

O concello non se ocupará de reportaxes fotográficas ou filmes.

6.- ADVERTENCIAS

O día da voda, é imprescindible que as/os contraentes estean nas instalacións municipais 5 minutos antes da hora prevista do casamento, co fin de poder iniciar a cerimonia no horario previamente establecido. De non facelo deste xeito, oficiaranse as vodas seguintes, e esta posporase ata rematar todas as vodas previstas na data.

- Prohíbese o lanzamento de arroz, pétalos ou calquera outro material dentro das salas nas que se celebren as vodas civís; as ditas accións reservaranse para fóra da Casa do Concello ou da porta de acceso ao Pazo-Museo "Quiñones de León".
- Prohíbese a entrada e estacionamento de vehículos dentro do Xardín Histórico e do Pazo-Museo "Quiñones de León", declarados Ben de Interese Cultural. Tamén a entrada e estacionamento de vehículos no garaxe da Casa do Concello de Vigo.
- Deberase facer un bo uso do Xardín Histórico; respectaranse escrupulosamente en todo momento os macizos e plantacións existentes.

7.- DEPARTAMENTO RESPONSABLE

O Departamento de Relacións Públicas e Protocolo, dependente da Alcaldía, é o responsable do trámite e celebración dos actos de casamentos civís.

Dende este departamento remitirase a acta de matrimonio asinada ao Rexistro Civil de Vigo, para que no prazo das tres semanas seguintes ao día da voda civil, o xulgado facilite o correspondente Libro de Familia ás persoas interesadas

8.- INFORMACIÓN

- Para información inicial:

Departamento Atención Cidadá

Tfno.: 010, chamadas dende Vigo

986810260, chamadas dende fóra de Vigo ou dende móbil.

Correo electrónico: 010@vigo.org

páxina web do Concello: www.vigo.org

- No caso de teren xa solicitada data de celebración de matrimonio:

Departamento de Relacións Públicas e Protocolo

Tfno: 986810156

Correo electrónico: casamentos@vigo.org

PREGUNTAS COMÚNS

1º. ¿É obrigatorio o uso de aneis na cerimonia?

Non. De todos os xeitos, o Alcalde ou o concelleiro/a en quen delegue, ó remate da prestación do consentimento, preguntarlles se traen aneis e, en caso afirmativo, indicarlles que os intercambien.

2º. ¿Ten algún custo a celebración de matrimonio?

É gratuíta para ós contraentes, o Concello e quen asume tódolos gastos da cerimonia

3º. ¿Pódese estacionar o vehículo dos contraentes no Xardín Histórico do Pazo-Museo “Quiñones de León”?

Non, xa que está declarado Ben de Interese Cultural.

4º. ¿Quen ten a condición de testemuñas presenciais do casamento?

Persoas maiores de idade, que teñan relación ou non de consanguinidade cos solicitantes, estranxeiros ou non, homes ou mulleres indistintamente.

5º. Respecto ás testemuñas do casamento, ¿teñen que ser as mesmas testemuñas que acudiron ao Rexistro Civil para o trámite de expediente de matrimonio?

Non, depende da decisión dos solicitantes.